



VICTORIA POR INERCIA

Oitava xornada da Liga Xuvenil Local onde o Numancia venceu con comodidade o Cultural Maniños en Prados Vellos.

Ares 23 de outubro do 2010

ALINIACIÓNS:

Numancia: Tito, Coco, Álvaro, Amenedo, Víctor, Jony (Brayan 62'), Iván (Juanra 46'), Ángel (Pablo 60'), Moabe, Manu (Antonio 78'), Dani (Rubén 72').

C. Maniños: Mirlo, Alex, Borja, Dani Plana, Pablo (Juan 46'), Miguel, Fabio, Amarelo (Jorge 75') Adrián (Sergio 46') Pablo, Borjita.

GOLES: Víctor, Dani (2), Amenedo e Rubén.

COLEXIADO: D. Marco A. Calo Sobrado (Delegación de Ferrol). Amonestou a Dani Plana e expulsou a Sergio no Cultural Maniños.

Nunha mañá fresca de sábado medían as súas forzas o Numancia e o Cultural Maniños xuvenil. Comenzaba o partido con tanteo por parte dos dous equipos. Encontrábase o Numancia con un golazo de Víctor que a saída dun corner enganchara una volea dende 30 metros que se colaba pola escuadra da portería visitante. Ese gol serviulle o Numancia para facerse co dominio do xogo durante a primeira metade. Nese tempo, os numantinos fixeron un bo xogo alternando fútbol combinativo e balóns longos. Chegarían dous goles mais obra de un

hoxe acertado Dani, un deles nunha bonita xogada combinativa dos aresán onde Manu deulle o pase da norte, e outro tras cabecear un córner moi ben sacado por Iván. 3 - 0 ó final da primeira metade, bo xogo e dominio do Numancia, pero aínda quedaban 45 minutos.

O segundo tempo comezaba cun Maniños mais atrevido. O Numancia perdeu o seu sitio no campo durante 30 minutos. Exceso de confianza, relaxación, pouca ambición. Por sorte Tito estivo acertado nun par de acción impedindo que os visitantes acurtaran distancias. A falta de 10 minutos rompíase definitivamente o encontró tras quedar o Maniños con 10 xogadores. Ós últimos 10 minutos foron un acoso do Numancia a portería rival, onde Amenedo e Rubén, dous dos xogades mais implicados co equipo, conseguían o seu premio o traballo cun gol para cada un. Pechábase o encontró que finalizaba co resultado coñecido de 5 - 0.

En definitiva, partido cómodo para o Numancia ante un rival todavía en construción. Vitoria balsámica e necesaria para os numantinos, que ten que darlle folgos e confianza para as vindeiras xornadas, onde terán que estar moito mellor en canto intensidade para levarse os 3 puntos.

A próxima cita será un dos partidos mais agardados por todos. Primeiro derbi da tempada, ante o Galicia de Mugardos no campo de A Pedreira. Un partido onde a motivación sobra, onde os 3 puntos serán importantes. Esperemos que os nosos xogadores non se enrugen, e loiten ata o final pola vitoria.

Vémonos o vindeiro sábado na Pedreira, a poder ser animando o Numancia, sen mais miramentos. ¡¡Non faltedes¡¡

¡¡AUPA NUMANCIA¡¡